

**O TEATRO GALEGO  
DA MEMORIA:  
BASES DA INVESTIGACIÓN  
E CATÁLOGO DE OBRAS**

**Diego Rivadulla Costa**

Grupo ILLA (Universidade da Coruña)



## INTRODUCCIÓN: O XERME DO PROXECTO<sup>1</sup>

O pasado mes de setembro de 2020, o Xulgado de Primeira Instancia da cidade da Coruña declaraba o Pazo de Meirás propiedade do Estado, poñendo punto e final a un xuízo celebrado dous meses atrás, na que constituía, segundo varios medios, a maior sentenza contra o franquismo da democracia. O camiño foi longo e, aproximadamente durante os tres últimos anos, a loita pola recuperación do edificio como propiedade pública ten ocupado un espazo considerábel nos medios de comunicación e, en xeral, no debate público galego. As investigacións levadas a cabo por Carlos Babío e Manuel Pérez (2018) demostraron como o histórico inmovible, situado no concello coruñés de Sada, fora expropiado ao pobo para o converter en residencia de verán de Franco, que o tería recibido como “agasallo” en 1938, só dous anos despois da sublevación militar por el encabezada para acabar coa lexítima Segunda República en España, e ao tempo que desenvolvía un plan de exterminio xenocida no noso país<sup>2</sup> (Míguez Macho 2009). A indignación social en torno do tema viñera medrando progresivamente desde o ano 2017, cando se descubriu que quen xestionaba –e xestionou até agora– as visitas ao Pazo, declarado Ben de Interese Cultural, era a Fundación Francisco Franco, aproveitando para promover a exaltación e homenaxe ao ditador. O movemento social e político para a reclamación da titularidade pública do inmovible non se fixo esperar e materializouse na creación da Xunta pro Devolución do Pazo, integrada pola Deputación da Coruña, o concello coruñés e a Universidade da Coruña, cuxas reivindicacións chegaron incluso até o Parlamento Europeo. Os informes encargados polo citado grupo e polo Parlamento de Galicia deron inicio a un periplo xudicial, formalizado coa presentación dunha demanda por parte de Patrimonio Nacional, e, posteriormente, coa presentación da correspondente demanda contra a familia Franco en xullo de 2019 por parte da Avogacía do Estado, á que máis tarde se sumaría a Xunta de Galicia.

---

<sup>1</sup> O proxecto de investigación que aquí presentamos contou, na súa primeira fase, co financiamento da Deputación da Coruña a través da concesión dunha das bolsas de investigación correspondentes á convocatoria competitiva do ano 2019 (R.P. 2019/8027, BOP nº 44 do 14 de marzo de 2019).

<sup>2</sup> Perante a decisión do Consello da Cultura Galega de utilizar “Galicia” como denominación oficial do país fronte a Galiza, “forma lexítimamente galega” (NOMIG 2003, p. 57) e denominación histórica da nación, para se referir a esta, o autor do presente artigo optou pola súa substitución por expresións perifrásticas equivalentes, como “o territorio galego”, “o noso país” etc.

Neste contexto, no marco das accións desenvolvidas para a recuperación do Pazo de Meirás para o pobo, a finais do ano 2018 celebrábase unha gala artística–reivindicativa no Teatro Colón da Coruña. O espectáculo, intitulado “Meirás, por un pazo público”, impulsado pola deputación coruñesa e dirixido polo director e actor Artur Trillo, contou coa participación dalgunhas actrices, actores e humoristas principais da escena galega como Quico Cadaval, César Goldi, Paula Carballeira, Xúlio Abonjo e das compañías Ibuprofeno Teatro, Chévere e Talía Teatro, que conmemoraron en escena o oitenta aniversario da cesión da propiedade a Franco a través da rememoración satírica daquel episodio histórico sucedido en 1938. En palabras da vicepresidenta da Deputación naquela altura, a nacionalista Goretti Samartín, o evento artístico constituía “un paso máis no camiño da recuperación como ben público”<sup>3</sup>, contando, por tanto, cunha vontade explícita de intervención social e política e, en relación con isto, participando directamente da recuperación da memoria histórica da Guerra Civil e da ditadura franquista ao encenar –se ben dunha perspectiva humorística– feitos esquecidos ou ignorados, por ocultados, para a maior parte da sociedade galega actual.

É coñecido que no territorio galego, como no conxunto do Estado español, o enfrontamento co pasado traumático de 1936, do golpe de Estado, do xenocidio franquista, da resistencia e da represión durante a ditadura se viu frustrado polo denominado “pacto de silencio” ou “pacto de reconciliación” en que se baseou a Transición á democracia (Aróstegui 2006; Fernández Prieto 2009). Se ben durante os anos oitenta e noventa existiron algunhas iniciativas illadas en relación coa recuperación da memoria histórica, tal como sinala Lourenzo Fernández Prieto (2009: 139), entre 1975 e 1996 o recordo da guerra e do franquismo renovouse e prevaleceu fundamentalmente no ámbito familiar, tratándose dunha “memoria ocultada”. Así as cousas, até finais do século XX non se produciu un “rexurdir da memoria” (Espinosa Maestre 2006), sendo só nas dúas últimas décadas cando xurdiu un verdadeiro interese colectivo por coñecer ese pasado traumático, ao tempo que aparecía na esfera pública un movemento cívico que reclamaba xustiza, verdade e reparación para as vítimas do franquismo. Este proceso da denominada

---

<sup>3</sup> Declaracións recollidas por *La Voz de Galicia* (28.11.2018) dando conta do evento. Pode consultarse a referencia na seguinte ligazón: <https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/coruna/coruna/2018/11/27/gala-satirica-conmemorar-80-aniversario-donacion-pazo-meiras-franco/00031543332567363304483.htm>

“recuperación da memoria histórica” e a consecuente reflexión sobre a xestión da mesma desde o presente non só atinxiu os ámbitos social, político, institucional ou académico, senón que tamén o campo cultural e artístico se viron inmersos nun *boom* de memoria coa entrada no novo milenio. De maneira xeral, podemos subscribir para o contexto galego as palabras da investigadora catalá Laia Quílez, quen se ten ocupado de analizar a múltiple proliferación de producións culturais sobre a Guerra Civil e o franquismo nos albores do século XXI:

En España, y de un modo similar a lo ocurrido en otros contextos, el cambio de siglo ha coincidido con una emergencia notable de ejercicios que, desde lo visual (instalaciones fotográficas, performances), a lo audiovisual (documentales, películas de ficción, series televisivas), pasando por lo literario (novelas, cómics, teatro) y lo transmediático (webdocumentales, grupos de Facebook) luchan por mantener viva –y garantizar en el futuro– la memoria de una generación que, paulatina pero inevitablemente, está desapareciendo. (Quílez Esteve 2017: 15)

Mentres que o movemento cívico pola recuperación do Pazo de Meirás constitúe máis un exemplo de iniciativa colectiva xurdida nese contexto de rememoración dos últimos vinte anos que vimos de describir, no caso do espectáculo “Meirás, por un pazo público” estamos ante un deses múltiples exercicios culturais de carácter memorialístico que a miúdo teñen predominado sobre as políticas de memoria institucionais e se teñen erixido en medios fundamentais para a configuración da memoria cultural galega da Guerra Civil e o franquismo. Porén, a participación do teatro galego no debate público sobre o pasado recente e, en xeral, a súa contribución á recuperación da memoria histórica non comezou, semella evidente, coa aludida *performance* de Meirás. Dada a inexistencia de estudos sobre o tema, determinamos que cumpría botar a vista atrás para investigar en que medida a dramaturxia galega ten abordado episodios traumáticos relacionados coa sublevación militar de 1936 que puxo fin á República, a consecuente represión franquista e, en xeral, cos corenta anos de ditadura sufridos no noso país, e, en relación con isto, analizar en que medida a práctica teatral se ten incorporado e ten contribuído –en diálogo con outros discursos literarios, sociais ou políticos– ao fenómeno público de recuperación da memoria histórica que ten lugar no espazo galego desde comezos do século XXI.

## SOBRE OS ANTECEDENTES, AS HIPÓTESES E OS OBXECTIVOS DA INVESTIGACIÓN

Nas liñas precedentes describimos o punto de partida dunha investigación en curso que trataremos de presentar no que segue a través da atención aos diferentes aspectos que a conforman. Baixo o título “O teatro galego da memoria” atópase un proxecto de pesquisa motivado polo interese sobre a medida en que a literatura dramática e os espectáculos producidos no país teñen acompañado a construción da memoria cultural galega da guerra e do franquismo desde a Transición até a inmediata actualidade.

Os estudos críticos existentes parecen apuntar que a Guerra Civil e a ditadura non teñen sido un tema hexemónico na escena nin no xénero dramático galegos. A respecto desta escasa abordaxe, a especialista Inma López Silva (2006: 116) afirmaba hai non moitos anos: “as necesidades do teatro galego actual e as súas condicións de recepción levan as súas escollas temáticas por outros vieiros”. Pola contra, desde o comezo desta investigación formulamos a hipótese da existencia de exemplos evidentes da participación do teatro no fenómeno memorialista galego a través da recreación e encenación de episodios relacionados co pasado traumático colectivo. A explicación á falta de atención a este fenómeno habería que procurala, ao noso ver, na aínda escasa incidencia dos denominados *Cultural Memory Studies*—que se teñen ocupado das dinámicas da cultura da memoria en diversos ámbitos, así como da estreita relación entre pasado, identidade, cultura e medios de comunicación (Erlil e Nünning 2008)— na investigación literaria e cultural realizada no noso país e, en xeral, no carácter recente do interese pola memoria no ámbito dos estudos galegos. As investigacións existentes sobre literatura galega da memoria teñen atendido fundamentalmente o ámbito da narrativa, a través da análise das denominadas “novelas da memoria” (Thompson 2009; Vilaavedra 2006, 2011), das que nós mesmos nos temos ocupado pormenorizadamente en traballos anteriores, chegando á conclusión de que desenvolven un papel central como medios de configuración da memoria cultural da guerra e da ditadura franquista na actualidade (Rivadulla Costa 2019, 2020).

No que se refire ao teatro, a pesar do auxe da memoria como tema e enfoque na produción académica desde o ano 2000 e de existiren, por outra parte, sólidos traballos sobre o drama memorialístico da Guerra Civil e o franquismo

no ámbito español, como os de Guzmán (2012) ou García Martínez (2016), e sobre o tratamento da historia no discurso dramático galego, como os de Iolanda Ogando (2004), quen ten demostrado a capacidade do teatro histórico para transmitir mensaxes e valores, participar no debate político dunha comunidade e reafirmar ou negar unha visión da historia, non existe até o momento máis que un breve estudo de Dolores Vilavedra (2015) en relación coa representación ou reflexión teatral da guerra e a posguerra nalgunhas obras de autores galegos publicadas até comezos dos 2000. O traballo non repara, non obstante, na contribución desta produción cultural á recuperación da memoria histórica galega nin recolle, probabelmente debido á altura en que foi escrito, a maioría da dramaturxia memorialística desenvolvida no século XXI, a respecto da que a profesora da Universidade de Santiago de Compostela sinala o seguinte: “En cierta forma, esta decisión de utilizar la escena para enfocar episodios concretos de la guerra y la posguerra no deja de ser un acto de reparación histórica que evita pronunciamientos maximalistas y que, en cambio, saca a la luz pública la intrahistoria silenciada de esas décadas, concretada metonímicamente en las historias creadas por estos dramaturgos” (Vilavedra 2015: 246).

O obxectivo central da nosa investigación consiste, por tanto, en localizar e reunir todos os exemplos de teatro galego sobre a sublevación militar do 36, a Guerra Civil e a ditadura franquista, ben como sobre a súa memoria e influencia no presente democrático, a través da creación dun catálogo de teatro da memoria do período 1975-2020. Este catálogo pretende incluír todos os datos dispoñíbeis recollidos sobre tal corpus memorialístico, de maneira que, en relación con cada título, recolleremos: unha ficha editorial, se for publicado; unha ficha artística e técnica sobre o espectáculo en cada unha das súas versións, se for levado a escena; nese caso, datos da estrea; a reprodución dixital dos carteis ou programas de man das mesmas, sempre que sexa posíbel; as referencias críticas existentes sobre a peza (críticas teatrais e recensións sobre obras publicadas); e, finalmente, algún material fotográfico e/ou audiovisual das representacións, se o houber e este estiver dispoñíbel para súa visualización. Para alén de dar conta das dimensións do fenómeno memorialista no teatro galego durante o período abarcado, coidamos que o catálogo pode constituír unha funcional base de datos tanto para o persoal investigador interesado no tema canto para o público en xeral.

O segundo obxectivo da investigación, complementario do anterior, consiste na análise do funcionamento dos textos e espectáculos teatrais como medios de memoria colectiva no territorio galego, a través do estudo da dimensión literaria e extraliteraria dos mesmos, valéndonos das ferramentas metodolóxicas proporcionadas polos *Cultural Memory Studies* e, en concreto, baseándonos nas achegas de especialistas neste campo como Astrid Erll (2011). A análise das obras localizadas, con vistas a dar conta da intervención pública, política e social destas prácticas culturais e da súa contribución á configuración da memoria cultural galega permitiranos atender o rol específico do teatro como medio de memoria, tanto na súa dimensión textual como espectacular, tendo en conta sempre o seu contexto de publicación e/ou estrea. A respecto disto, a nosa hipótese de partida fundaméntase na seguinte afirmación de Manuela Fox:

Escribir y representar obras que ponen en escena el recuerdo de un conflicto civil significa reivindicar la memoria de un pasado que no se quiere olvidar. Por eso, las obras mismas ejercen una función mnemónica en el espectador y adquieren aún más valor según un juego meta-narrativo: ellas mismas se presentan como un antídoto contra el olvido y la desmemoria, como instrumentos de una memoria de oposición. Además, el medio teatral, que es colectivo, público y ostensivo, cumple una función ritual y catártica, que se amplifica cuando la temática tiene que ver con la historia nacional, más aún si es reciente y sufrida. El concepto de meta-memoria se aplica a todo texto que trate del conflicto, pues en cada uno se cumple el acto, declarado o no, de recordar, por el simple hecho de haber sido escritos. (Fox 2006: 553)

## FONTES PARA A CREACIÓN DUNHA BASE DE DATOS DE OBRAS MEMORIALÍSTICAS

Para logramos os obxectivos expostos, consideramos que cumpría partir necesariamente dun levantamento bibliográfico completo que nos permitise establecer o corpus de obras teatrais galegas sobre a Guerra Civil e a ditadura. Este levantamento, cuxo volume de resultados foi até o momento moito maior do inicialmente esperado, está a ser realizado a través de diferentes fontes que convén explicar de maneira pormenorizada. Primeiramente, acudimos a diversas fontes



bibliográficas sobre o sistema e a produción teatrais galegos do período obxecto de estudo, entre as cales revisamos desde teses de doutoramento (Lourenço 2012; García Vidal 2009; Biscainho 2006) até volumes colectivos como os editados por Manuel F. Vieites (1998, 2005, 2007) ou monografías como a clásica de Francisco Pillado e Manuel Lourenzo (1979), as de Lourenzo e Biscainho (2000), López Silva e Vilavedra (2002) ou Ogando (2004), entre outros, para alén dalgúns artigos soltos publicados en revistas científicas especializadas (Tato 2000, 2007; Vilavedra 1994, 1997). Entre estes últimos merece especial destaque o mencionado traballo de Dolores Vilavedra (2015), “Guerra y posguerra en la literatura dramática gallega, entre lo implícito y lo explícito”, ben como o número 112 de *ADE Teatro. Revista de la Asociación de Directores de Escena de España*, dedicado ao “teatro galego actual” e conformado por artigos de especialistas e profesionais do ámbito como Roberto Pascual, Ánxeles Cuña Bóveda ou Eduardo Alonso.

En segundo lugar, para a procura das obras que conforman o corpus de teatro galego da memoria botamos man dos catálogos das diferentes editoras galegas en activo durante o período de produción estudado –desde a Transición até a actualidade–, ben como dos *Informes de Literatura*, que desde 1995 elabora un equipo do Centro de Investigación Ramón Piñeiro baixo a dirección de Blanca-Ana Roig Rechou e que dan conta de todo o que se publica anualmente de e sobre literatura galega. No caso do teatro, os *Informes* –dispoñíbeis en liña– recollen, para alén de todas as obras editadas, todas as representadas, tanto por compañías profesionais canto por grupos amadores, a excepción dos publicados entre 2014 e 2016, que prescinden da información a respecto das representacións dos grupos de teatro afeccionado. Para a localización dos espectáculos memorialistas producidos no territorio galego, a partir de textos publicados ou non, acudimos, ademais, ao Arquivo Teatral Francisco Pillado Mayor, ao Centro de Documentación da AELG e ao Centro de Documentación Teatral do INAEM, que conta con varias bases de datos en liña<sup>4</sup>. Aliás, consultamos o boletín *E\_scena*, editado pola AGADIC entre maio de 2006 e decembro de 2011, ben como a sección histórica coa que contan as páxinas web do Centro Dramático Galego e de compañías de carácter privado como Sarabela Teatro, Teatro do Noroeste, Teatro do Atlántico ou Talía Teatro, entre outras moitas.

<sup>4</sup> Pode acceder ao Centro de Documentación de las Artes Escénicas y de la Música, dependente do Ministerio de Cultura y Deporte do goberno de España, na seguinte ligazón: <https://cdaem.mcu.es/>.

Unha vez concluído o levantamento de obras primarias e o correspondente proceso de selección e fixación do corpus, iniciamos a procura das fontes para o estudo, isto é, da bibliografía secundaria sobre os títulos de teatro memorialístico atopados. Para isto empregamos, fundamentalmente, os xa mencionados *Informes de Literatura*, que por cada unha das entradas rexistradas no apartado de teatro ofrecen un conxunto de referencias de recensións e outros artigos, entrevistas etc. que sobre elas apareceron en revistas e xornais. Para alén destas, no que se refire á bibliografía secundaria foi preciso acudir á hemeroteca para revisar algunhas publicacións periódicas especializadas no ámbito teatral como *ADE Teatro. Revista de la Asociación de Directores de Escena de España*, a *Revista Galega de Teatro* –actualmente *Erregueté*– a revista *Casahamlet, Don Saturio* –editada entre 1980 e 1982–, *Cadernos do Espectáculo da Compañía Luís Seoane* –publicada tamén nos anos oitenta– *Escaramuza* (Revista de teatro da Asociación de Actores e Actrices de Galicia), o *Anuario de Estudios Literarios Galegos* ou as revistas *Grial* e *Tempos Novos*, ben como outras publicacións académicas do ámbito dos estudos literarios e culturais galegos, como *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos* ou o *Boletín Galego de Literatura*.

Ademais de recompilarmos toda a bibliografía secundaria sobre cada un dos dramas da memoria obxecto de estudo, a nosa intención de reunir todo o material existente sobre as representacións requiría dun exhaustivo traballo de arquivo. A través deste, tratamos de localizar desde cartaces promocionais e programas de man das diferentes montaxes até fotografías das representacións e referencias en prensa ás estreas e funcións das mesmas, todos eles susceptibles de formar parte da nosa base de datos. Neste sentido, foi de visita obrigada o Arquivo Teatral Francisco Pillado Mayor, con sede na biblioteca da Facultade de Filoloxía da Universidade da Coruña, cuxa colección documental foi reunida polo propio Francisco Pillado e hoxe continúa a ser actualizada polas achegas de compañías teatrais, entre outras institucións, que fornecen periodicamente documentación sobre as súas actividades<sup>5</sup>. A consulta dos fondos depositados neste arquivo –material gráfico e audiovisual de espectáculos producidos, programas

---

<sup>5</sup> Cómpre agradecermos a amabilidade e axuda do persoal da biblioteca e, nomeadamente, da súa directora, Marta Lago, que nos facilitou o acceso aos fondos. Para máis información sobre a Biblioteca-Arquivo Pillado, pode consultarse a súa páxina web: [https://illa.udc.gal/biblioteca\\_arquivo\\_pillado/](https://illa.udc.gal/biblioteca_arquivo_pillado/).

de man, textos, música, recortes de prensa etc.– non só enriqueceu a investigación, senón que constituíu un dos piares da elaboración dun catálogo documentado e exhaustivo sobre os títulos que compoñen o corpus de teatro galego da memoria. A respecto disto, resultou tamén crucial a realización de buscas no xa mencionado Centro de Documentación Teatral do INAEM e nas páxinas web das propias compañías, que en moitas ocasións funcionan como completos repositorios deste tipo de material complementar.

Ao traballo de recuperación, selección e organización deste material de arquivo seguiu a creación do catálogo de teatro da memoria, nesta altura aínda provisorio, a través da realización de fichas específicas para cada un dos títulos do corpus e, aliás, da incorporación do material dixitalizado correspondente, un proceso aínda en curso. Dado que a información dispoñíbel sobre as versións escénicas e representacións é nalgúns casos inexistente, nomeadamente no que se refire ás montaxes dos grupos amadores, o proceso de documentación está a ser completado a través da realización de entrevistas e do establecemento de contactos con diversos e diversas profesionais do ámbito teatral galego que teñan escrito ou participado destes dramas da memoria, ben sexa dirixindo espectáculos ou ben actuando neles. Aínda que esta intención se viu considerablemente afectada pola situación xerada pola crise sanitaria dos últimos meses, tivemos a ocasión de contactar por correo electrónico con algúns e algunhas especialistas en estudos teatrais galegos –e outras persoas relacionadas con algunha das obras estudadas–, que nos achegaron importantes datos para ofrecermos un catálogo o máis completo posíbel<sup>6</sup>. Co obxectivo de organizar a información de cada un dos títulos e dispoñer dela da maneira máis clara posíbel, polo momento optamos por diferenciar, por un lado, os textos publicados e, por outro lado, os espectáculos cun soporte textual non editado.

---

<sup>6</sup> Temos que agradecer moi sinceramente, neste sentido, a colaboración do director e dramaturgo Eduardo Alonso, da profesora Laura Tato e do profesor Carlos Biscainho, ambos os dous investigadores do Grupo ILLA da Universidade da Coruña.

## CARA A UN CATÁLOGO DE TEATRO GALEGO DA MEMORIA I: OBRAS PUBLICADAS

Ofrecemos a seguir, por orde cronolóxica de publicación, o inventario de textos dramáticos que foron localizados até o momento, de acordo cos criterios anteriormente sinalados, acompañados dalgunha información básica en relación coa autoría, datos de edición –e composición, nalgún caso– e de estrea, cando existe constancia da súa representación:

- *O cabodano. Cerimonia de laios e salaios* (1977) [1975], Eloxio R. Ruibal.
  - Publicación: en *O cabodano. Cousas da morte. A sombra do bon caba-leiro*, Pico Sacro (Santiago de Compostela).
  - Estrea: 1978 (IV Mostra de Ribadavia), Grupo de Teatro Escoltade.
- *Castelao ou a paixón de Galicia* (Tetraloxía) (1986-1997), Daniel Cortezón.
  - Publicación: Edicións do Castro (Sada), A-Z Ediciones (Madrid).
  - Estrea: non consta.
- *Casa durmida* (1988), Xosé María Álvarez Cáccamo.
  - Publicación: Cadernos da Escola Dramática Galega, n.º 69 (2ª edición: 2006, A Estrada: Edicións Fervenza, col. A Pinguela).
  - Estrea: non consta.
- *O mestre* (1989), Xosé Agrelo Hermo.
  - Publicación: En *Candea 70 (tres pezas de teatro)*, Noia: Publicacións Sementeira. Cadernos: Cruceiro do Rego.
  - Estrea: 1978, Grupo de Teatro Candea (dir. Xosé Agrelo).
- *Monólogo do testamento* (1992) [1985], Nacho Taibo.
  - Publicación: en *Monólogos II*, Cadernos da Escola Dramática Galega, n.º 95.
  - Estrea: non consta.
- *A lúa vai encoberta* (1992), Manuel María.
  - Publicación: Diario 16 de Galicia (Vigo).
  - Estrea: 2005, Asociación Cultural O Galo (dir. Daniel Baamonde).
- *A gaiola* (1995), Alfredo Conde.
  - Publicación: Ed. Compostela (Santiago de Compostela), *O Correo Galego*, 17.12.1995 (2ª edición: 1996, Santiago de Compostela: Litonor).
  - Estrea: 1996, Teatro do Noroeste (dir. Eduardo Alonso).

- *Doentes* (1999), Roberto Vidal Bolaño.
  - Publicación: Deputación Provincial da Coruña (A Coruña).
  - Estrea: 1998, Teatro do Aquí (dir. Roberto Vidal Bolaño).
- *Mar revolto* (2001), Roberto Vidal Bolaño.
  - Publicación: IGAEM / Xunta de Galicia (Santiago de Compostela).
  - Estrea: 2001, Coprodución do Centro Dramático Galego, Companhia de Teatro de Braga, Teatro do Noroeste, FESTEIXO, FITEI (dir. José Martins).
- *O ensaio* (2001), Manoel Riveiro Loureiro.
  - Publicación: en *Casahamlet. Revista de teatro*, n.º 2.
  - Estrea: non consta.
- *Falando con balas* (2004), Xosé Carlos Garrido Couceiro.
  - Publicación: Edicións Fervenza, col. A Pinguela (A Estrada).
  - Estrea: non consta.
- *O heroe* (2005), Manuel Rivas.
  - Publicación: Edicións Xerais (Vigo).
  - Estrea: 2005, Sarabela Teatro (dir. Ánxeles Cuña Bóveda).
- *As píbulas do Dr. Negrín* (2006), Gustavo Pernas Cora.
  - Publicación: en *Casahamlet. Revista de teatro*, n.º 8 / en *Medidas preventivas*, Biblos, Colección Mandaio (A Coruña).
  - Estrea: 2007 (*Medidas preventivas*), Áncora Producións (dir. Gustavo Pernas).
- *Imperial: Café cantante. Vigo 1936* (2006), Eduardo Alonso.
  - Publicación: Espiral Maior (A Coruña).
  - Estrea: 2006, Teatro do Noroeste (dir. Eduardo Alonso).
- *Misterio en Guernica. Epifanía entre viacrucis e tableau vivant* (2007), Xosé Manuel Fernández Castro.
  - Publicación: Baía Edicións / IGAEM / Xunta de Galicia (A Coruña).
  - Estrea: non consta.
- *O meu nome é María Casares* (2007), María Lopo.
  - Publicación: en *Cadernos Unión libre*, n.º 12.
  - Estrea: 2008 (*María Casares. A vida triunfante*, lectura dramatizada), Sarabela Teatro (dir. Ánxeles Cuña).
- *Con Franco nun armario* (2009), Bernardino Graña.
  - Publicación: A Nosa Terra (Vigo).
  - Estrea: 2017, Grupo de teatro Rueiro.

- *Glass city. Cidade de cristal* (2009), Eduardo Alonso.
  - Publicación: Espiral Maior (A Coruña).
  - Estrea: 2009, Teatro do Noroeste (dir. Eduardo Alonso).
- *Memoria de Helena e María* (2009), Roberto Salgueiro.
  - Publicación: Difusora de Letras, Artes e Ideas (Ourense).
  - Estrea: 2010, Teatro do Atlántico (dir. Xulio Lago).
- *Labirinto da memoria. Friso contemporáneo* (2010), Eloxio R. Ruibal.
  - Publicación: Toxosoutos, colección Nume (Noia).
  - Estrea: non consta.
- *Nunca me esquecerei de ti* (2010), David Rodríguez Rodríguez.
  - Publicación: en *IV Premio Diario Cultural de Teatro Radiofónico, Xerais* (Vigo).
  - Estrea: non consta.
- *Corisco daquel frío inverno* (2013), Lois Antón Pérez.
  - Publicación: en *Lembranzas dun tempo esquecido: Obra dramática*, Edizer e Asociación Cultural e Xuvenil de Ramirás (Ramirás-Ourense).
  - Estrea: non consta.
- *Nome: Bonita* (2014), Vanessa Sotelo.
  - Publicación: Instituto Nacional de las Artes Escénicas y de la Música (Madrid).
  - Estrea: non consta.
- *Un xuízo oral (“bilingüe”) nunha vila galega no outono de 1942* (2014), Xesús Alonso Montero.
  - Publicación: Edicións Fervenza, col. A Pinguela (A Estrada).
  - Estrea: non consta.
- *Voaxa e Carmín* (2016), Esther F. Carrodegas.
  - Publicación: Difusora de Letras, Artes e Ideas (Ourense).
  - Estrea: 2016, Butacazero e eme2 (dir. Xavier Castiñeira).
- *A Lola* (2018), Manuel Ayán Díaz.
  - Publicación: Laiovento (Santiago de Compostela).
  - Estrea: 2017, Avelaíña Teatro.
- *Despois das ondas* (2018), Ernesto Is.
  - Publicación: Deputación Provincial da Coruña (A Coruña).
  - Estrea: 2019, Butacazero (dir. Xavier Castiñeira).

## CARA A UN CATÁLOGO DE TEATRO GALEGO DA MEMORIA II: ESPECTÁCULOS ESTREADOS

Ofrecemos a seguir, por orde cronolóxica de estrea, o inventario de espectáculos teatrais que foron localizados até o momento, de acordo cos criterios anteriormente sinalados, acompañados dalgunha información básica en relación coa compañía que levou a cabo a montaxe, a autoría do texto –non editado– e a dirección da representación:

- *O lapis do carpinteiro* (2000), Sarabela Teatro.
  - Autoría: Manuel Rivas (novela) / Dir. Ánxeles Cuña.
- *Memoria do 36: da República á Guerra Civil* (2005), Teatro do Atlántico.
  - Autoría: Escolma de textos de VV. AA. / Dir. Xulio Lago.
- *Castronós; o Baile* (2007), A Factoría Teatro.
  - Autoría: Xabier Picallo / Dir. Xan Cejudo.
- *Hendaya, mon amour* (2007), Bacana Teatro.
  - Autoría: Xúlio Abonjo / Dir. Xúlio Abonjo.
- *A lingua das bolboretas* (2008), Teatro do Andamio.
  - Autoría: Manuel Rivas (obra narrativa) / Dir. Tatiana Likhacheva.
- *Conversas na cuneta mentres a vida pasa alá fóra* (2008), O Trasno Novo Teatro.
  - Autoría: Creación colectiva do grupo / Dir. Noelia Toledano.
- *Historias tricolores ou de como aqueles animalíños proclamaron a república* (2008), Abrapalabra.
  - Autoría: Cándido Pazó / Dir. Cándido Pazó.
- *Preguntas sobre o meu pai* (2011), Devanceiro Teatro.
  - Autoría: Silvia Romaus / Dir. Silvia Romaus.
- *Lorca e as flores de Venus* (2011), EL Producións Artísticas.
  - Autoría: Marga do Val / Dir. Eisenhower Moreno.
- *Vida, Paixón e Morte de Alexandre Bóveda* (2011), Grupo de Teatro Alexandre Bóveda.
  - Autoría: Xerardo Álvarez Gallego (ensaio) / Dir. Xoán Carlos Mejuto.
- *Foucellas* (2016), Talía Teatro.
  - Autoría: Cándido Pazó / Dir. Cándido Pazó.

- *Palabras malditas* (2016), Teatro do Noroeste.
  - Autoría: Eduardo Alonso / Dir. Eduardo Alonso.
- *Querido Tomás* (2016), Centro Dramático Galego e asociación My Art Project.
  - Autoría: Xosé Neira Vilas (obra narrativa) / Dir. Noelia Toledano.
- *Estado de graza. Epifanía da mala filla* (2017), Teatro do Noroeste.
  - Autoría: Eduardo Alonso / Dir. Eduardo Alonso.
- *Os mortos daquel verán. Unha aproximación escénica á novela de Carlos Casares* (2017), Talía Teatro e Centro Dramático Galego.
  - Autoría: Carlos Casares (obra narrativa) / Dir. Artur Trillo.
- *Exilio* (2018), Grupo de Teatro da A. C. Alexandre Bóveda.
  - Autoría: Castela, Dieste e Seoane (selección de textos) / Dir. Lino Braxe.
- *A lingua das bolboretas* (2020), Sarabela Teatro.
  - Autoría: Manuel Rivas (obra narrativa) / Dir. Gonçalo Guerreiro.

## ALGUNHAS CONCLUSIÓNS PARCIAIS E PROVISORIAS

Se ben o proxecto presentado se atopa, como foi explicado, aínda en vías de desenvolvemento, gustaríanos concluír este texto ofrecendo algunhas consideracións verbo do inventario de títulos e os seus correspondentes datos ofrecidos nos apartados previos, que terán, en todo caso, carácter provisorio e parcial, ao estaren baseadas nos resultados obtidos até a data. En primeiro lugar, cómpre aludirmos ao feito de que no catálogo non figuren algunhas das obras canónicas presentadas e premiadas nos primeiros anos da Mostra de Teatro de Ribadavia –desde mediados dos anos setenta–, da autoría de Ruibal, Vidal Bolaño ou Manuel Lourenzo. Embora moitas delas traten de forma paródica ou alegórica da guerra e, nomeadamente, da figura do ditador (García Vidal 2009: 199; Vilavedra 2015: 243), ao non abordaren o tema dunha maneira directa, senón implicitamente, influídas polas circunstancias contextuais en que son producidas, dificilmente poderán ser consideradas como dramas de recuperación da memoria histórica<sup>7</sup>. En segundo

---

<sup>7</sup> O mesmo sucede con *Os xefes* de Ricardo Carvalho Calero, publicada en 1982 no volume *Teatro completo* (Sada, Edicións do Castro) e composta dous anos atrás.



lugar e en relación co anterior, a orde cronolóxica do inventario dá para ver que o punto de inflexión na produción dramática e escénica galega sobre a guerra e a ditadura se produce en torno ao cambio de século, en paralelo á emerxencia do *boom* memorialista, polo que parece evidente que o ámbito teatral se ve atinxido. Para alén diso, o número de títulos localizados e indexados e, especialmente, a proliferación destes a partir do 2000 apuntan xa cara á memoria histórica como un repertorio temático destacado e destacábel do teatro galego, confirmando así a nosa hipótese inicial e rompendo coa idea transmitida por algúns dos estudos previos ao respecto.

En terceiro lugar, a maioría de obras escritas no século XXI son representadas e, asemade, nacen coa vontade de seren levadas a escena, co que isto supón para a súa participación e presenza no espazo público en relación co fenómeno memorialista. Aliás, á vista das compañías encargadas das montaxes dos espectáculos relacionados, parece evidente que tanto o teatro profesional como o amator se ven implicados na tarefa de recuperación do pasado recente desde as táboas. Finalmente, con respecto á autoría das obras recollidas no catálogo, convén adiantar que o teatro da memoria semella constituír un fenómeno interxeracional, pois os dramaturgos e dramaturgas implicadas pertencen a xeracións moi diversas, isto é, independentemente de se conservan un recordo propio ou herdado dos acontecementos do pasado abordados –e da súa proximidade con estes– optan por realizar un exercicio de recuperación da memoria histórica a través do discurso dramático. Haberá que ver, unha vez concluída a análise, se existen diferenzas no modo en que o fan e se estas repercuten na súa particular contribución á memoria cultural da sociedade galega.

## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- ARÓSTEGUI, Julio (2006): “Traumas colectivos y memorias generacionales: el caso de la Guerra Civil”, en J. Aróstegui / F. Godicheau (eds.), *Guerra civil. Mito y memoria*, Madrid, Marcial Pons, 57-92.
- BABIO, Carlos / Manuel PEREZ (2018): *Meiras: un pazo, un caudillo, un espolio*, A Coruña, Fundación Galiza Sempre.
- BISCAINHO, Carlos (2006): *A Escola Dramática Galega na Configuración do Sistema Galego de Producción Teatral (1978-1994)*, Tese de doutoramento, Universidade da Coruña.
- ERLL, Astrid (2011): *Memory in Culture*, Hampshire, Palgrave Macmillan.
- ERLL, Astrid / Ansgar NÜNNING (2008): *Cultural Memory Studies. An International and Interdisciplinary Handbook*, Berlín / New York, Walter de Gruyter.
- ESPINOSA MAESTRE, Francisco (2006): *Contra el olvido. Historia y memoria de la Guerra Civil*, Barcelona, Critica.
- FERNÁNDEZ PRIETO, Lourenzo (2009): “Actitudes sociales y políticas en la denominada recuperación de la memoria histórica. Galicia. El proyecto de investigación interuniversitario ‘Nomes e voces’”, *Pasado y Memoria. Revista de Historia Contemporánea*, 8, 131-157.
- FOX, Manuela (2006): “El recuerdo de la Guerra Civil en el teatro español del siglo XXI”, en José Romera Castillo (ed.), *Tendencias escénicas al inicio del siglo XXI*, Madrid, Visor Libros, 549-563.
- GARCÍA MARTÍNEZ, Anabel (2016): *El telón de la memoria. La Guerra Civil y el franquismo en el teatro español actual*, Hildesheim, Georg Olms Verlag AG.
- GARCÍA VIDAL, David (2009): *Teatro galego e construción nacional: os cadernos da escola dramática galega (1978-1994)*, Tese de doutoramento, University of Birmingham.
- GUZMÁN, Alison (2012): *La memoria de la Guerra Civil en el teatro español: 1939-2009*, Tese de doutoramento, Universidad de Salamanca.
- LÓPEZ SILVA, Inma (2006): “A Guerra Civil: mundo posible e memoria histórica na narrativa actual”, en Xesús Alonso Montero / Miro Villar (eds.), *Guerra civil e literatura galega (1936-1939)*, Vigo, Xerais, 107-122.
- LÓPEZ SILVA, Inma / Dolores VILAVEDRA (2002): *Un abrente teatral. As Mostras e o Concurso de Teatro de Ribadavia*, Vigo, Galaxia.
- LOURENÇO, Cilha (2012): *O teatro circo na configuración do teatro independente galego (1967-1978)*, Tese de doutoramento, Universidade da Coruña.
- LOURENÇO, Cilha / Carlos BISCAINHO (2000): *Talía na crónica de Nós. Dez anos de teatro galego (1990-1999)*, Ourense, Abano Editores.
- MÍGUEZ MACHO, Antonio (2009): *Xenocidio e represión franquista en Galicia*, Santiago de Compostela, Lóstrego.
- OGANDO, Iolanda (2004): *Teatro histórico: construción dramática e construción nacional*, A Coruña, Biblioteca-Arquivo Teatral Francisco Pillado Mayor-UDC.
- PILLADO, Francisco / Manuel LOURENÇO (1979): *O teatro galego*, Sada (A Coruña), Edición do Castro.
- QUÍLEZ ESTEVE, Laia (2017): “Introducción”, en Laia Quílez / J. Carlos Rueda (eds.), *Posmemoria de la Guerra Civil y el franquismo. Narrativas audiovisuales y producciones culturales en el siglo XXI*, Granada, Comares, 7-22.

- RIVADULLA COSTA, Diego (2019): “(Des)memoria cultural e ficción literaria: o caso da narrativa galega actual sobre o franquismo”, en Núria Codina Solà / Teresa Pinheiro (eds.), *Iberian Studies: Reflections Across Borders and Disciplines*, Berlin, Peter Lang, 233-253.
- RIVADULLA COSTA, Diego (2020): “Agora abriuse algunha porta e sae toda para fóra’: a mímese da memoria na novela galega do século XXI”, *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, 23 (Núm. especial), 293-306.
- TATO, Laura (2000): “O teatro desde 1936”, en Anxo Tarrío (ed.), *Galicia. Literatura. XXXIII A literatura desde 1936 ata hoxe: poesía e teatro*, A Coruña, Hércules de Ediciones, 442-511.
- TATO, Laura (2007): “A literatura dramática galega na segunda metade do século XX”, en Manuel F. Vieites (ed.), *Literatura dramática: unha aproximación histórica*, Santiago de Compostela, IGAEM, 587-619.
- THOMPSON, John (2009): *As novelas da memoria. Trauma e representación da historia na Galiza contemporánea*, Vigo, Galaxia.
- VIEITES, Manuel F. (ed.) (1998): *Do novo teatro á nova dramaturxia (1965-1995)*, Vigo, Xerais.
- VIEITES, Manuel F. (ed.) (2005): *Historia do teatro galego. Unha lectura escénica*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.
- VIEITES, Manuel F. (ed.) (2007): *Cento vinte e cinco anos de Teatro en Galego*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.
- VILAVEDRA, Dolores (1994): “A escrita dramática galega contemporánea”, *Grial*, 122, 207-218.
- VILAVEDRA, Dolores (1997): “El teatro gallego después de 1975: una incipiente madurez”, *Revista de Lenguas y Literaturas Catalana, Gallega y Vasca*, 5, 297-311.
- VILAVEDRA, Dolores (2006): “A Guerra Civil na narrativa galega: un ámbito moral”, *Grial*, 170, 118-123.
- VILAVEDRA, Dolores (2011): “Memoria y postmemoria: La elaboración literaria de la guerra civil en la narrativa gallega”, en F. Gerhardt (ed.), *Diálogos transatlánticos. Memoria del II Congreso internacional de literatura y cultura españolas contemporáneas. Volumen II: Representaciones del pasado reciente: II República, Guerra Civil, exilio, posguerra*, La Plata, Universidad Nacional de La Plata (<http://sedici.unlp.edu.ar/handle/10915/31627>).
- VILAVEDRA, Dolores (2015): “Guerra y posguerra en la literatura dramática gallega, entre lo implícito y lo explícito”, en Inma Lopez Silva / Eloxio R. Ruibal (eds.), *El teatro gallego en el exilio republicano de 1939*, Sevilla, Renacimiento, 233-248.